



Expte 98018/332

**MEMORIA XUSTIFICATIVA
CONTRATO DE SERVICIOS PARA A XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E
DESENVOLVEMENTO DOS TRABALLOS DE DINAMIZACIÓN DO FUNCIONAMENTO DO
CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE VIGO (CEMV)**

1. OBXECTO

O obxecto do contrato é a xestión, organización e desenvolvemento dos traballos de asistencia técnica e dinamización do funcionamento do CEMV, como órgano colexiado de importancia para facer efectivo o dereito de participación e colaboración de todos os estamentos da Comunidade Educativa na procura da acadar un ensino de calidade para todos os cidadáns vigueses.

1.1. DIVISIÓN EN LOTES.

En aplicación do artigo 99.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP) **non existirá a división por lotes** por canto a xestión, organización e desenvolvemento do réxime de xuntanzas regulamentarias dos órganos de goberno unipersoais e colexiados do CEMV, subministro de información, deseño-edición-difusión de contidos do entorno web do CEMV, tarefas de divulgación e comunicación da actividade á comunidade educativa e cidadanía, recursos materiais como elaboración da memoria final de actividades ou soportes documentais específicos do CEMV, actualización do deseño do logo corporativo do CEMV; require dunha coordinación única, dunha xestión e organización integral de todos os elementos e aspectos que conforman a prestación dunha asistencia técnica destas características.

Estímase que a división en lotes e a execución por unha pluralidade de contratistas diferentes, dificultaría a súa xestión posto que a realización do obxecto do contrato esixe a coordinación de toda loxística para desenvolver a preparación previa do réxime de xuntanzas regulamentarias do Pleno e Comisión Permanente como órganos de goberno colexiados do CEMV, para a elaboración de diversas actas-informes-ditames-propostas, para a administración e xestión dos contidos do portal web do CEMV, para a difusión e repercusión mediática da actividade deste órgano colexiado municipal consultivo; tamén cómpre dispor dunha coordinación e planificación que dirixa as xuntanzas do distintos compoñentes do CEMV, coordine as tarefas de xestión administrativas inherentes á prestación da asistencia técnica, execute o cronograma de xuntanzas regulamentarias do CEMV e proceda á confirmación de dispoñibilidade de locais para o seu desenvolvemento, ademais de avaliar o índice de satisfacción das canles participativas establecidas no seo do CEMV.

Polo tanto a xestión, organización e desenvolvemento dos traballos de dinamización do funcionamento do Consello Escolar Municipal (CEMV), debe ser realizado baixo unha única coordinación, de xeito que os licitadores deberán presentar a súa oferta referida á totalidade dos servizos.

2. XUSTIFICACIÓN DA INSUFICIENCIA DE MEDIOS

Tendo en conta o obxecto específico deste contrato, que require de recursos didácticos materiais (xestión entorno web, medios tecnolóxicos gravacións sesións CEMV, deseño logotipo divulgativo, edición soporte documental específico) e persoal especializado con experiencia na prestación de asistencias técnicas, é necesario proceder a súa contratación cunha empresa cualificada, toda vez que o Concello de Vigo non conta con medios técnicos e materiais suficientes, nin con persoal con formación adecuada para prestar o citado servizo.

Este persoal con competencia pedagóxica e experiencia na planificación, organización e formación especializado/a de axentes socieducativos ou coordinador/a técnico/a en proxectos de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/10/2024 09:29	Páxina 1 de 11
98018-332	CSV: ABA652-8253C6-2EBFB4-LXNNAB-SBNJD1-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Expte 98018/332

intervención social e participación comunitaria, é esencial e primordial para atender de xeito óptimo o establecemento dunhas canles permanentes de participación de persoas e colectivos sociais protagonistas da acción educativa no marco de actuación do CEMV, como fórmula básica para o estudo, valoración e toma de decisións democrática no que atinxe ao sistema educativo na nosa cidade.

3. TIPO DE CONTRATO, PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN

O contrato, polo seu obxecto, será de **servizos**, segundo o previsto no artigo 17 da LCSP.

Tendo en conta o obxecto do contrato e o seu importe propónse a tramitación do presente expediente de contratación a través de **procedemento aberto e de tramitación ordinaria** (artigos 156 e 116 LCSP), de xeito que calquera licitador interesado poida participar, favorecendo a maior concorrencia posible.

4. PRAZO DE EXECUCIÓN E PRÓRROGA

De conformidade co establecido no artigo 29 da LCSP, o prazo de execución establécese tendo en conta a natureza da prestación, as características do financiamento e a necesidade de someter a concorrencia o mesmo.

Establécese unha duración prevista do contrato por un período de **CATRO ANOS (4), a contar dende a data da súa formalización, coa posibilidade dunha única prórroga, por un período de 1 ano de duración máxima**, mediante acordo expreso do órgano de contratación, sendo a prórroga obrigatoria para o contratista, sempre que se lle teña comunicado con dous meses de antelación á finalización do prazo de execución do contrato.

A estimación de data de inicio da prestación do servizo por parte da empresa adxudicataria é o **01 de novembro de 2024**.

Xustificación do prazo de execución e prórroga do contrato

Tendo en conta o servizo a realizar polo adxudicatario, fíxase o prazo de execución máis axeitado, suficiente para conseguir unha realización do servizo eficaz, que ven determinado pola necesidade de darlle estabilidade ao servizo garantindo unha prestación integral do mesmo de xeito continuado, motivo polo que se considera adecuada a duración do prazo de execución así como a posibilidade de prórroga.

A asistencia técnica para a dinamización da actividade e funcionamento do CEMV, prestarase ao longo de 11 meses anuais nos termos que se recollen no PPT, con carácter xeral e prioritario durante o período lectivo escolar (agás os festivos sinalados pola administración educativa competente no calendario lectivo para cada curso académico) e no período estival non lectivo agás no mes de agosto.

5. SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA E SOLVENCIA TÉCNICA QUE DEBERÁ ACREDITAR O LICITADOR

5.1. Solvencia económica e financeira:

Considérase suficiente a que vén empregando o servizo de contratación para contratos de servizos, sen que se advirta a existencia de riscos especiais vinculados ao obxecto deste contrato. Neste suposto considérase axeitado ao favorecer a concorrencia, en canto se fixa un



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/10/2024 09:29	Páxina 2 de 11
98018-332	CSV: ABA652-8253C6-2EBFB4-LXNNAB-SBNJD1-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Expte 98018/332

volumen de negocio esixible por debaixo do previsto con carácter xeral no art. 87 da LCSP. Neste sentido enténdese suficiente a acreditación, indistintamente, por calquera dos seguintes medios:

- Volumen anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volumen anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volumen de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, **igual ou superior ao 70% da anualidade media do orzamento base de licitación.**

Acreditarase por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no dito rexistro, e en caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito.

Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volumen anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

- Documento acreditativo de posuír a clasificación alternativa.

5.2. Solvencia técnica:

En relación coa solvencia técnica considérase suficiente a previsión do art. 90.2 da LCSP, con carácter xeral en defecto de previsión expresa. En consecuencia, acreditarase cunha relación dos principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior ao **70% da anualidade media do orzamento base de licitación do contrato.**

Considérase de especial relevancia que as empresas licitadoras contén cunha solvencia técnica axeitada para garantir o bo desenvolvemento da asistencia técnica. Neste sentido, é necesario precisar o criterio da experiencia demostrable do licitador na xestión, organización, desenvolvemento e coordinación técnica de programas de intervención social e participación comunitaria no ámbito educativo, similares ao que ó o obxecto do contrato. Dado que, a previsión supletoria do art. 90 LCSP respecto dos tres primeiros díxitos coa CPV pode ser insuficiente para garantir a similitude material na experiencia necesaria para o desenvolvemento deste programa educativo.

As empresas de nova creación (aquelas que teñen unha antigüidade inferior a 5 anos) poderán acreditar a solvencia técnica por algún dos medios previstos nas letras b) a i) do apartado 1 do artigo 90 da LCSP.

Xustificación da solvencia: Para celebrar contratos co sector público os empresarios deberán acreditar estar en posesión das condicións mínimas da solvencia económica e financeira e técnica e profesional. Os requisitos solicitados na presente contratación de conformidade co establecido no artigo 74 da LCSP, están directamente vinculados co obxecto do contrato e son totalmente proporcionais, considerándose deste modo que a achega da requirida solvencia garantizará a capacidade do adxudicatario para contratar coa administración, así como a calidade do servizo.

É primordial que as empresas participantes teñan experiencia acreditada na prestación de programas de intervención social e participación comunitaria no ámbito educativo, para facilitar unha atención básica e coñecemento primordial dos distintos colectivos ou sectores implicados no ensino na cidade, na procura de facilitar a súa comunicación, interacción e participación no seo do CEMV como importante foro de encontro e debate das ideas educativas; todo elo para coadruar na posible resolución de conflitos no sistema educativo público e privado concertado da nosa cidade.

6. CRITERIOS DE VALORACIÓN E XUSTIFICACIÓN



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/10/2024 09:29	Páxina 3 de 11
98018-332	CSV: ABA652-8253C6-2EBFB4-LXNNAB-SBNJD1-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Distribución de puntuación e prevalencia dos criterios de calidade (Anexo IV)

Establécense os criterios de valoración que de seguido se expresan para poder valorar a calidade das ofertas en base ao estudo pormenorizado das achegas que cada licitador faga e que mellor atendan ás necesidades de implantación do desenvolvemento para a prestación da asistencia técnica para a dinamización da actividade e funcionamento do CEMV

En atención ao obxecto deste contrato, a adxudicación do contrato realizarase empregando unha pluralidade de criterios co fin de identificar a oferta que garde unha mellor relación calidade-prezo. Considérase oportuno establecer unha fase de de avaliación de criterios mediante xuízo de valor, que teña como obxectivo identificar de entre as ofertas presentadas, aquelas que xustifiquen unha maior calidade respecto de elementos esenciais para garantir unha correcta execución dos servizos obxecto do contrato. Como se verá, os criterios propostos para o presente expediente están directamente vinculados ao obxecto, e as características e a natureza do contrato. No caso dos avaliábeis mediante fórmula son obxectivos.

Así, propónse a seguinte **distribución da puntuación (TOTAL 100 PUNTOS)**:

- A) Avaliación de criterios suxeitos a xuízo de valor = 40 puntos
- B) Avaliación de criterios suxeitos a fórmula = 60 puntos.

En concreto, trátase dun contrato do anexo IV polo que os criterios relacionados coa calidade que de seguido se propoñen representan o 51% da puntuación asignada, de xeito que unicamente se asigna ao criterio prezo un 49% da puntuación total.

Esta distribución da puntuación establécese tendo en conta a relevancia que ten neste contrato a proposta de proxecto de asistencia técnica e traballos de dinamización do CEMV, xa que esta inflúe no prezo total do contrato e nos custos de xestión, organización e desenvolvemento dos traballos de dinamización do funcionamento do CEMV. En xeral son ponderados buscando avaliar as propostas realizadas co criterio de tentar escoller a oferta máis vantaxosa no seu conxunto para a Administración Local.

6.1. CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR (ata 40 puntos).

6.1.1 Proxecto de proposta para o desenvolvemento da asistencia técnica e traballos de dinamización do funcionamento do CEMV: valorarase con ata 40 puntos.

Este criterio subdivídese nos seguintes apartados:

1. Características do Proxecto de proposta de asistencia técnica: valorarase con ata 10 puntos. Neste apartado valoraranse os seguintes aspectos:

- a) Calidade, coherencia interna e viabilidade da asistencia técnica presentada para a xestión, organización e desenvolvemento dos traballos de dinamización do funcionamento do CEMV proposta polo licitador: valorarase con ata 2,00 puntos;
- b) Formulación precisa e coherencia dos obxectivos que se pretenden acadar: valorarase con ata 2,00 puntos;
- c) Descrición concreta da operativa do servizo co plan de información, comunicación e divulgación da actividade do CEMV: valorarase con ata 2,50 puntos;
- d) Determinación precisa de accións e propostas para reforzar a imaxen institucional do Concello: valorarase con ata 3,50 puntos.

2. Programa de Actividades e Plan de Traballo a desenvolver no marco da asistencia



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/10/2024 09:29	Páxina 4 de 11
98018-332	CSV: ABA652-8253C6-2EBFB4-LXNNAB-SBNJD1-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Expte 98018/332

técnica: valorarase con ata **10 puntos**. Neste apartado valoraranse os seguintes aspectos:

- a) Definición e formulación concreta do plan de actividades e as distintas fases de traballo ao longo da asistencia técnica que o licitador oferte no marco do súa proposta: valorarase con ata 3,50 puntos;
- b) Claridade e determinación precisa do cronograma de execución e distribución horaria: valorarase con ata 3,50 puntos;
- c) Liña metodolóxica xeral que se propón: valorarase con ata 3,00 puntos.

3. Características dos Recursos materiais: valorarase cun ata **10 puntos**. Neste apartado valoraranse os seguintes aspectos:

- a) Deseño concreto e coherente da proposta de entorno web da asistencia técnica: valorarase con ata 4,00 puntos;
- b) Descrición concreta dos criterios de mantemento e actualización de contidos estáticos e dinámicos da web: valorarase con ata 4,00 puntos;
- c) Adecuación á finalidade divulgativa do CEMV da aplicación gráfica e soporte documental específico CEMV proposto: valorarase con ata 2,00 puntos.

4. Organización dos recursos humanos propostos: valorarase con ata **10 puntos**. Neste apartado valoraranse os seguintes aspectos:

- a) Concreción de organigrama funcional dos recursos humanos, e definición da súa xornada laboral e/ou adicación horaria e distribución de tarefas concretas que asumirá o persoal que a empresa licitadora pon a disposición da asistencia técnica: valorarase con ata 3,00 puntos;
- b) Determinación precisa e mecanismos e estratexias de atención, información, coordinación do persoal vinculado ao programa e para o fomento da implicación activa dos membros integrantes do CEMV: valorarase con ata 4,00 puntos;
- c) Concreción e precisión na definición de protocolos específicos que o adxudicatario siga nos procedementos de loxística organizativa, para coordinación co Servizo Municipal de Educación e cos equipamentos municipais propostos para acoller o funcionamento do CEMV: valorarase con ata 3,00 puntos.

Na valoración deste apartado, de conformidade co disposto no artigo 146.3 da LCSP, o **umbral mínimo de puntuación** que se debe acadar para continuar no proceso selectivo é de **20 puntos**. Considérase imprescindible a existencia deste umbral, que deberá superar calquera oferta que se presente, xa que é un indicador básico da calidade do servizo a prestar, ao reflectir detalladamente a conceptualización que o licitador desenvolve respecto dos aspectos reflectidos no Prego de prescricións técnicas.

Xustificación criterios de adjudicación mediante xuízo de valor: Xustifícase a elección destes criterios de adjudicación por canto todos eles proporcionan información adecuada para a selección do licitador máis capacitado dende o punto de vista técnico, así como tamén a mellor oferta en relación calidade-prezo para a Administración.

Esta asistencia técnica con coñecementos especializados no ámbito educativo e pedagóxico, resulta fundamental no que atinxe a favorecer o óptimo funcionamento do CEMV así como á implementación de procesos e protocolos participativos neste importante órgano colexiado, os cales permiten dar unha resposta axeitada e dilixente ás necesidades de dinamización do CEMV

Dende o Servizo de Educación **considérase imprescindible a esixencia dun umbral mínimo de**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/10/2024 09:29	Páxina 5 de 11
98018-332	CSV: ABA652-8253C6-2EBFB4-LXNNAB-SBNJD1-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Expte 98018/332

puntuación nos criterios avaliábles mediante xuízo de valor que se debe acadar para continuar no proceso selectivo, e polo tanto que deba superar calquera oferta que se presente para a xestión, organización e desenvolvemento dos traballos de dinamización do CEMV; xa que é un indicador básico e esencial da calidade para o óptimo funcionamento participativo deste órgano colexiado municipal de carácter consultivo.

As características da prestación desta asistencia técnica requiren unha axeitada preparación das ofertas, sen que resulte suficiente unha simple réplica, copia literal e/ou mimética transposición do indicado nos pregos na correspondente oferta, que non serán positivamente avaliadas. As ofertas deben contar cunha mínima calidade e garantir un óptimo cumprimento a nivel organizativo, de xestión, pedagóxico e de intendencia de cando menos os contidos mínimos esixidos, para facer viable o desenvolvemento desta asistencia técnica tendo en conta os requisitos requiridos nos pregos.

En definitiva, un mellor coñecemento do ámbito educativo derivado das intervencións realizadas no mesmo, garante unha mellor resposta ás necesidades participativas e de axeitada repercusión mediática do funcionamento do CEMV, xa que cómpre atender a un colectivo singular como os diversos sectores que teñen implicación no feito educativo na nosa cidade e forman parte do citado órgano colexiado.

6.2. CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA (ata 60 puntos).

6.2.1 Redución do prezo: valorarase con ata **49 puntos**. Para a súa valoración aplicaranse as fórmulas contempladas no apartado 6.3.1 desta Memoria.

6.2.2 Realización de estudos aos membros integrantes do CEMV: valorarase con ata **11 puntos**. Outorgaranse 11 puntos ás ofertas que se comprometen a deseñar, realizar e valorar enquisas de satisfacción dos membros integrantes do CEMV sobre o funcionamento do órgano colexiado. Os resultados acadados presentaríanse no Servizo Municipal de Educación con periodicidade anual.

Xustificación criterios de adxudicación mediante fórmula: Os criterios propostos para o presente expediente están directamente vinculados ao obxecto, as características e a natureza do contrato, son ponderados e, en definitiva buscan avaliar propostas realizadas para mellorar a relación calidade/prezo da oferta, de acordo co criterio da oferta máis vantaxosa economicamente para a administración, entendéndose como aquela, entre as diferentes ofertas realizadas, que presenta a mellor relación entre a calidade e o prezo, tendo en conta os criterios xustificadas para o obxecto deste contrato.

6.3. VALORACIÓN DOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULA.

6.3.1. Para valorar as baixas ou aqueles criterios nos que se valore unha diminución dos valores propostos pola Administración (menor prezo) con carácter previo á aplicación das fórmulas é preciso calcular o valor de referencia das baixas.

a) Cálculo do valor referencia das baixas (Vrb):

O valor da baixa ofertada obterase restando ao valor proposto pola Administración o valor ofertado polo licitador.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. En función do número de ofertas admitidas que non conteñan valores anormais ou desproporcionados serán descartadas para este cálculo:

- Entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- Entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas primeiras ofertas da lista da orde



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/10/2024 09:29	Páxina 6 de 11
98018-332	CSV: ABA652-8253C6-2EBFB4-LXNNAB-SBNJD1-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Expte 98018/332

decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.

- Entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as tres primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- Máis de 15 ofertas: eliminaranse as catro primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.

Entre os valores de baixa non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá o Valor referencia das baixas (Vrb).

b) Para valorar baixas inferiores ao Vrb aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,80 * Pmx * Vof}{Vrb}$$

Onde:

- Pmx: puntuación máxima do criterio
- Vof: valor ofertado de baixa
- Vrb: valor referencia das baixas

c) Para valorar baixas iguais ou superiores ao Vrb aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = 0,80 * Pmx + \frac{0,20 * Pmx * A}{B}$$

Onde:

- Pmx: Puntuación máxima do criterio
- A: diferenza entre o valor da baixa ofertada e o Vrb
- B: a maior diferenza entre o valor de baixas ofertadas e o Vrb

Xustificación das fórmulas: Estas fórmulas resultan axeitadas para a valoración dos criterios avaliáveis mediante a aplicación de fórmulas, por canto resultan proporcionais e as mesmas veñen sendo utilizadas por esta Administración con continuidade e co visto e praxe da Intervención Municipal.

- As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas que conteñan valores anormais ou desproporcionados, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula.

- Na aplicación das fórmulas só se terán en conta dous decimais.

- Os eventuais empates resolveranse no primeiro lugar a favor das proposicións presentadas por aquelas empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica, teñan no seu persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao imposto pola normativa vixente. Para acreditar esta circunstancia será preciso presentar os contratos de traballo e documentos de cotización á Seguridade Social dos traballadores discapacitados. Se esta circunstancia concorrese en varias das empresas empatadas, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña de maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu cadro de persoal.

Se continuase o empate aplicarase o resto dos criterios de desempate regulados no artigo 147 da LCSP segundo a orde que nel se establece.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/10/2024 09:29	Páxina 7 de 11
98018-332	CSV: ABA652-8253C6-2EBFB4-LXNNAB-SBNJD1-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Expte 98018/332

7. OFERTAS CON VALORES ANORMAIS

Considerarase que son ofertas anormalmente baixas aquelas ofertas nas que a baixa sobre o orzamento de licitación en valor porcentual, sexa superior ao valor resultante da suma de dez puntos porcentuais do valor da media aritmética das baixas ofertadas en valor porcentual.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. Para o cálculo da media aritmética das baixas serán descartadas as seguintes ofertas:

- entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse a oferta que conteña o valor máis alto e a que conteña o valor máis baixo.
- entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico, e a que conteña o valor máis baixo.
- máis de 15 ofertas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico, e as dúas ofertas que conteñan o valor máis baixo.

Entre os valores de baixa en euros non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá a media aritmética das baixas ofertadas. Será calculado en valor porcentual e aplicarase con dous decimais.

8. CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

En cumprimento da obriga prevista no artigo 202.1 da LCSP, óptase neste contrato por establecer condicións especiais de execución de tipo ocial. Así, tratándose dunha asistencia técnica, garda relación directa do obxecto do contrato que todo o soporte documentación específico divulgativo do CEMV (tríptico e cartel), publicidade, imaxe ou materiais que xere a actividade deste órgano colexiado, deberán empregar un uso non sexista da linguaxe. Non se poderá empregar ningunha imaxe que discrimine ás mulleres ou que favoreza estereotipos sexistas. Utilizará unha linguaxe inclusiva e fomentará unha imaxe con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, corresponsabilidade e pluralidade de roles e identidade de xénero.

De maneira que, esta condición especial de execución está directamente relacionada cos servizos obxecto de contratación e resulta axeitada coa finalidade do programa educativo, non é discriminatoria e axústanse ao Dereito da Unión Europea.

As condicións especiais de execución veñen recollidas no artigo 202.2 da LCSP e esíxense neste contrato co obxectivo de profundar nunha contratación socialmente máis responsable que contribúa a eliminar as desigualdades entre o home e a muller, que incorpore nos procedementos de contratación obxectivos específicos de política social. Inclúense así algúns dos aspectos sociais recollidos na guía de Adquisicións Sociais da Comisión Europea (igualdade de xénero - principio clave do pilar europeo de dereitos sociais).

Esta “contratación estratéxica”, plasmada nas novas Directivas de Contratación, permite implementar coa contratación pública as políticas públicas en áreas que se consideran esenciais, contribuíndo a mellorar o cumprimento das leis sociais e a incluír a perspectiva de xénero no ámbito das empresas.

Cómpre sinalar que o Regulamento Orgánico de Organización e Funcionamento do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV), aprobado polo Pleno Municipal na súa sesión do 25 de xaneiro de 2010 (expediente 10600/332), recolle a necesidade de respectar os criterios de paridade entre o home e a muller á hora de nomear os seus integrantes. Así mesmo, entre as finalidades deste órgano colexiado está a de “Fomentar o respecto pola liberdade, a convivencia,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/10/2024 09:29	Páxina 8 de 11
98018-332	CSV: ABA652-8253C6-2EBFB4-LXNNAB-SBNJD1-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Expte 98018/332

a igualdade, a xustiza, o pluralismo e a normalización da lingua galega na comunidade educativa”.

En concreto, propónse como condición especial de execución de carácter social:

- A utilización de linguaxe non sexista por parte da empresa contratista na realización de soporte documental divulgativo (tríptico e cartel) entregado aos compoñentes do CEMV, así como na realización de publicidade, imaxe ou materiais e dos dossiers documentais vinculados coa actividade do CEMV e realizados pola empresa vinculado á execución do contrato, priorizando na medida do posible unha linguaxe inclusiva que fomentará unha imaxe con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, corresponsabilidade e pluralidade de roles e identidade de xénero.

9. INFORMACIÓN ESIXIDA POLO ARTIGO 130 LCSP

De conformidade co artigo 130 da LCSP, no Anexo 1 ao PPT consta a información sobre as condicións dos contratos dunha persoa traballadora adscrita á prestación do servizo, datos proporcionados pola empresa actual adxudicataria do servizo, en aplicación do **ARTIGO 22 (SUBROGACIÓN DO PERSOAL) “IV CONVENIO COLECTIVO DE EVENTOS, SERVIZOS E PRODUCIÓNS CULTURAIS EN GALICIA”**, asinada dixitalmente polo administrador de “Van Divulgación Cultural SL”.

10. PRAZO DE GARANTÍA

Dadas as características da prestación do contrato e traballos a realizar (basicamente asistencia técnica, traballos de dinamización do funcionamento do CEMV, tarefas de divulgación e información das actividades do CEMV, xestión e mantemento do entorno web do CEMV) non se considera necesario, establecer prazo de garantía.

11. SUBCONTRATACIÓN

Si procede a subcontratación con terceiros. Non se reservan tarefas críticas ao contratista principal.

12. MODIFICACIÓNS DO CONTRATO

Non se prevén modificacións do contrato.

13. SEGURO

Non procede, de acordo coa consulta realizada co mediador de seguros (contratista do Concello).

14. RESPONSABLE DO CONTRATO

Establécese como responsable técnico do contrato ao Técnico do Servizo de Educación, Pedro Vázquez Iglesias.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/10/2024 09:29	Páxina 9 de 11
98018-332	CSV: ABA652-8253C6-2EBFB4-LXNNAB-SBNJD1-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Expte 98018/332

15. LUGAR DE PRESTACIÓN DO SERVIZO

As actividades previstas no presente contrato prestaranse basicamente co desenvolvemento dos traballos de asistencia técnica e dinamización da actividade do CEMV nas instalacións do Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo” actual sede do CEMV, nas dependencias do Servizo Municipal de Educación nas xuntanzas de coordinación mensuais para o control da prestación do servizo, e naqueles espazos ou equipamentos municipais que propoña o Concello de Vigo para o desenvolvemento da actividade do órgano colexiado.

16. DATA PREVISTA PARA O INICIO DO CONTRATO

O presente contrato ten previsto o seu inicio a partir do 01 de novembro de 2024.

17. CESIÓN DE DATOS AO ADXUDICATARIO

Si. Os datos e información do alumnado participante, profesorado, representantes dos sectores do CEMV centros de ensino relacionados coa xestión, organización e desenvolvemento dos traballos de dinamización do funcionamento do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV), se ceden ao prestatario do servizo coa finalidade exclusiva de poder realizar unha prestación óptima do obxecto do contrato.

19. CESIÓN DE DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL OU INDUSTRIAL

Non.

20. OUTROS ASPECTOS A TER EN CONTA NA REDACCIÓN DO PCAP

1) Os licitadores comprométese a adscribir á execución do contrato os recursos humanos suficientes e medios materiais necesarios para a axeitada coordinación e xestión da asistencia técnica para o desenvolvemento dun máximo de 506 hs nos traballos de dinamización do funcionamento do CEMV contemplados no Prego de Prescricións Técnicas, coas cualificacións e características que no mesmo se especifican, e tendo en conta o estricto cumprimento da legalidade en materia laboral vixente.

Antes da adxudicación do contrato, o/a licitador que resulte primeiro clasificado, deberá presentar obrigatoriamente o currículum profesional documentado que acredite de xeito fidedigno a cualificación, formación axeitada e experiencia práctica do/a responsable Técnico/a da Producción da actividade, que deberá reunir como mínimo os seguintes requisitos:

- Formación mínima de Titulación universitaria de grao superior ou grao medio, co antigo Curso de Adaptación Pedagóxica (CAP) ou Master en Formación do Profesorado, ou formación pedagóxica ou metodolóxica similar, que se acreditará coa presentación da copia do título ou certificado expedido polo centro onde cursaron os estudos.
- Experiencia acreditable mínima de catro anos en traballos similares de planificación, organización e formación especializado/a de axentes socieducativos ou coordinador/a técnico/a en proxectos de intervención social e participación comunitaria no ámbito educativo, promovidos por entidades ou organismos públicos ou privados, que se acreditará mediante vida laboral e contrato.

2) O contratista garantirá en todo momento o desenvolvemento normal da asistencia técnica, e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/10/2024 09:29	Páxina 10 de 11
98018-332	CSV: ABA652-8253C6-2EBFB4-LXNNAB-SBNJD1-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Expte 98018/332

estará obrigado, se fose o caso, a cubrir as baixas temporais que por motivos laborais, profesionais, persoais ou por calquera outra circunstancia, mesmo a incapacidade demostrada da persoa na execución da asistencia técnica e labores de dinamización, se poidesen producir no cadro de persoal adscrito ás labores de funcionamento do CEMV. Durante a execución do contrato, este feito deberase comunicar en cada ocasión ao responsable do contrato no Servizo de Educación, que dará a súa conformidade. En todo caso, a persoa substituto/a terá a capacitación dabondo para exercer as mesmas funcións. No caso de ser necesaria a substitución definitiva, o/a seu/súa substituto/a deberá reunir as características e requisitos mínimos que se existen no apartado de solvencia técnica.

3) A entidade adjudicataria entregará para cada ano do contrato, no prazo máximo de 30 días, contados a partir do remate de cada curso lectivo escolar, unha memoria final avaliativa da prestación do servizo que inclúa o plan de seguimento e o balance final estadístico co número de xuntanzas dos órganos de goberno do CEMV.

21. DECLARACIÓN AUSENCIA DE CONFLICTO DE INTERESES

Os abaixo asinantes declaran a ausencia do conflito de intereses en relación con este expediente nos termos da resolución aprobada pola concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, de data 3 de marzo de 2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación do Concello de Vigo.

Asemade, a concelleira delegada de Educación e a concelleira da Área de Goberno de Educación subscriben declaración de non estar incursas en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da concellería delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e no Plan de Integridade na Contratación.

Vigo, na data da súa sinatura dixital

O técnico do Servizo de Educación, Pedro M^a Vázquez Iglesias

A concelleira delegada de Educación, María Olga Alonso Suárez

A concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística, Elena Espinosa Mangana



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/10/2024 09:29	Páxina 11 de 11
98018-332	CSV: ABA652-8253C6-2EBFB4-LXNNAB-SBNJD1-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		